

«Unha Lingua de premio», Deputación de Pontevedra
Manuel Bragado 26/09/2018

No meu oficio de editor en lingua galega, ao longo de case tres décadas, tiven a fortuna de entregar e outorgar máis premios que de recibilos, razón pola que prego desculpedes hoxe a miña impericia e emoción no momento de agradecer este recoñecemento.

Concibo esta gala «Unha Lingua de premio» tanto como un exercicio de autoestima necesaria para a creación literaria en lingua galega como para facer visible a súa excelencia. Moitos parabéns para os promotores deste serán que con motivo do Día das Linguas organiza a Deputación de Pontevedra.

A miña gratitude ao deputado de Cultura e Lingua Xosé Leal polas súas palabras de afecto e a Carmela Silva, a presidenta da Deputación polo seu apoio a nosa lingua e ao libro galego. Como tamén expreso os meus parabéns ao Festival de Poesía do Condado pola súa teimosa insistencia de máis de catro décadas a prol da creación poética galega en liberdade.

O feito de que un editor reciba un recoñecemento público constitúe, tal como concibo eu a edición, unha anomalía xa que o papel do editor require das maiores doses posibles de humildade e discreción. Non me cansarei de repetilo, o noso é un traballo discreto de intermediación, os editores e as editoras somos apenas ponte, entre as creadoras e investigadoras e os públicos (diversos), entre as autoras e as lectoras, entre as escritoras e outras mediadoras dedicadas profesionalmente tamén á intermediación editorial, como bibliotecarias, libreiras, críticas ou profesoras.

O oficio do editor consiste en construír pontes de alicerces sólidos e robustos que faciliten a comunicación editorial ou literaria e acheguen seguridade a todas as que as utilizan. Así concibín o meu traballo de editor durante o tempo que tiven a fortuna de compartir co equipo de profesionais

de Xerais persoas (Celia Torres, Anaír Rodríguez, Noli Moo, Fran Alonso, Ramón Domínguez, Siro Iglesias, Roi Méndez) para as que nunca terei palabras abondas de agarimo e gratitude por todo o que vivín con elas. Tarefas de edición que compartín tamén con varios centos de autoras e autores, ilustradoras, fotógrafas, deseñadoras, ortotipógrafas, lingüistas coas que tiveron a fortuna de traballar durante vinte e oito anos, moi intensos, e para as que tamén expreso a miña gratitude .

Nos últimos anos sabía que era unha *rara avis*, un dos poucos superviventes da xeración de editores da autonomía, como nos definiu o escritor Jaureguizar, unha xeración de activistas e soñadores polas causas da lectura e da lingua en galego e da modernización e profesionalización do sector da edición en galego.

Tiveron a fortuna de forxar esta fantasía colectiva do libro galego, no que nalgún momento acariñamos no corno da lúa, sobre todo cando se aprobou por consenso parlamentario e intergremial a Lei do Libro e a Lectura de 2006, con editores inesquecibles, algúns xa desaparecidos: Isaac Díaz Pardo, Luís Mariño, Carlos Blanco, Carlos Casares e Paco Villegas; outros formando unha longa nómina de felizmente retirados ou desempeñando agora outra actividade profesional: Víctor Freixanes, Bieito Ledo, Charo Portela, Carlos del Pulgar, Pilar Samil, Damián Villalaín, Xosé García Crego, Roberto Pérez Pardo, Antón Mascato, Francisco Rodríguez, Irene Penas Murias, Pepe Puga, Olegario Sotelo Blanco, Fabiola Sotelo, entre outras persoas coas que compartín dende comezos da década dos noventa do século pasado o entusiasmo febril da edición en galego: ler, editar, imprimir, encadernar, comunicar, percorrer os camiños todos do país, para volver a ler, editar, imprimir, encadernar... A todas estas persoas, prego desculpa polos nomes que inevitablemente faltan, estamos recoñecendo este serán.

Todas pretendemos construír a nación cos alicerces dos libros, dos dicionarios, dos manuais escolares, das obras para públicos diversos, sempre con atención singular para as lectoras máis novas. Editores que compartimos o compromiso coas causas da lingua e da lectura das que fomos activistas. Un idioma que retrocedeu na última década de forma alarmante, tanto no seu uso como lingua vehicular e familiar, unha hemorraxia de novos falantes que vivimos como unha traxedia, á que non foron alleas as políticas de desleixo normalizador dos últimos gobernos galegos. Mais que é unha lingua, eis un paradoxo, que ao mesmo tempo gañou (e continúa gañando) lectores e lectoras de todas as idades, un éxito colectivo, que decote se agocha. Contar con máis lectoras e lectores é un éxito do libro galego que merece ser compartido.

Novas lectoras gañadas para o libro galego grazas ao talento de autoras como a escritora Leticia Costas, a mantedora deste serán, representante destacadísima da Xeración da Esperanza, que mantén o seu compromiso coa lingua, da que é activista, no seu afán de profesionalización, nunha pugna constante coa creación de novos mundos ficcionais, co diálogo permanente coas lectoras e coa procura esperanzada de proxección internacional para os seus textos. Non sabedes o orgullo que me produce, como o seu primeiro editor, saber do lanzamento estes días dun novo (gran) libro, *A balada dos unicornios*, e das edicións de *Escarlatina* en coreano e de *Jules Verne e as mulleres planta* en italiano por Mondadori. E máis novidades e traducións que chegarán decontado. Parabéns, Leticia!

Como beizóns merecen as gañadoras de todos os premios literarios outorgados polos concellos da provincia de Pontevedra o pasado ano, dos que tiveron o orgullo de ser editor das obras gañadoras de varios deles ou mesmo de ter participado na escolla dalgún como membro do xurado. A relación das obras e autorías gañadoras, tanto de autores e autoras novos

como consolidados, expresa un éxito colectivo que é a nosa obriga compartir. Si, insisto, cómpre compartir con orgullo novas coma esta.

Remato. Os editores galegos formamos parte dunha tradición galega, que arrinca de Juan Compañel, Xaime Quintanilla e Ánxel Casal, consolidada nos días difíciles polo pontevedrés Sabino Torres, Xosé María Álvarez Blázquez, Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego, aos que sempre me gusta chamar «os nosos editores obreiros». Mais tamén formamos parte dunha tradición europea de editores de cultura, como Einaudi ou Carlos Barral, que asumiron a edición como unha conversa sostida coa sociedade do seu tempo.

Nesa encrucillada de lingua e edición cultural desenvolvemos dende 1990 un proxecto que conformou un catálogo histórico de 30.000 títulos en galego, dos que arredor de dez mil continúan vivos, dispoñibles comercialmente. Esa proeza colectiva, forxada polas editoras galegas durante décadas, hoxe vive case a intemperie, abandonada a sorte do mercado en proceso de hibridación pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia.

Como fixo o mestre Xabier DoCampo, que fixo da súa vida relato, na súa derradeira intervención pública o pasado mes de maio, reclamo dignidade e atención para o libro galego. Reclamo apoio e recoñecemento para todas e cada unha das editoras galegas.

Obrigado de corazón.

Que a estrela da lingua e dos libros galegos sexa a que nos guíe.